CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Deportes

# ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS
# *ESCUELAS DEPORTIVAS MUNICIPALES*
# 2022/2023

## NORMAS DE INSCRICIÓN E DESENVOLVEMENTO
## *NORMAS DE INSCRIPCIÓN Y DESENVOLVIMIENTO*

O Concello de Monforte organiza, para o curso 2022 - 2023, unha serie de actividades deportivas encadradas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais, que pretende, entre outras cousas, complementar a oferta deportiva existente en Monforte proposta por clubs deportivos e outros entes de promoción deportiva.

As actividades deportivas propostas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais para o Curso 2022 – 2023, son as seguintes:

Escolas Deportivas Municipais para nen@s:

- Golf
- Pádel
- Kung Fu
- Zumbale Infantil

Escolas Deportivas Municipais para adult@s:

- Ximnasia de mantemento
- Tai Chi
- Ioga
- Zumbale Adultos

## 1. PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar no programa as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Para participar en escolas de nenos/as ter entre 6 e 15 anos de idade.
- Para participar en escolas de adultos ter 16 anos ou máis.
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.

## 2. ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE

- **Duración:** o programa de Escolas Deportivas Municipais ten unha duración aproximada de oito meses entre o 1 de outubro de 2022 e o 31 de maio de 2023.
- **Horario e lugar de celebración das actividades:**

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2022 - 2023

| ACTIVIDADES | DATAS DE INICIO e DÍAS DE CELEBRACIÓN | | | | | | | HORARIO E LUGAR | | PRAZAS | IDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PARA NENOS / AS | DATA INICIO | LU | MA | ME | XO | VE | SA | HORARIO (*) | LUGAR | Número | (de-a / > de) |
| GOLF | 01/10/2022 | | | | | | X | Grupos M-T | Club Golf Río Cabe | 18 | 6 - 15 anos |
| PÁDEL | 01/10/2022 | | | | | | X | Grupos M-T | Club Padelante | 30 | 6 - 15 anos |
| KUNG FU | 04/10/2022 | | X | | | X | | 18:45 - 19:45 | DOGMA Centro de Pilates | 15 | 6 - 15 anos |
| ZUMBA INFANTIL | 03/10/2022 | | X | | X | | | 18:00 - 19:00 | Ximnasio Neka | 20 | 6 - 15 anos |
| PARA ADULTOS / AS | DATA INICIO | LU | MA | ME | XO | VE | SA | HORARIO | LUGAR | Número | IDADE |
| XIMNASIA DE MANTEMENTO | 03/10/2022 | X | | X | | | | 10:30 - 11:30 | Ximnasio Neka | 20 | > 16 anos |
| XIMNASIA DE MANTEMENTO | 04/10/2022 | | X | | X | | | 10:30 - 11:30 | Ximnasio Neka | 20 | > 16 anos |
| XIMNASIA DE MANTEMENTO | 03/10/2022 | X | | X | | | | 17:00 - 18:00 | Ximnasio Lemos | 20 | > 16 anos |
| XIMNASIA DE MANTEMENTO | 04/10/2022 | | X | | X | | | 17:00 - 18:00 | Ximnasio Lemos | 20 | > 16 anos |
| TAI CHI | 04/10/2022 | | X | | | X | | 19:45 - 20:45<br>20:00 - 21:00 | Martes - DOGMA Centro Pilates<br>Venres - DOGMA Centro Pilates | 20 | > 16 anos |
| TAI CHI | 03/10/2022 | X | | | X | | | 17:30 - 18:30 | DOGMA Centro de Pilates | 20 | > 16 anos |
| IOGA | 03/10/2022 | X | | X | | | | 16:15 - 17:15 | Centro de Ioga Ganesha | 15 | > 16 anos |
| IOGA | 03/10/2022 | X | | X | | | | 17:15 - 18:15 | Centro de Ioga Ganesha | 15 | > 16 anos |
| IOGA | 04/10/2022 | | X | | X | | | 16:15 - 17:15 | Centro de Ioga Ganesha | 15 | > 16 anos |
| IOGA | 04/10/2022 | | X | | X | | | 17:15 - 18:15 | Centro de Ioga Ganesha | 15 | > 16 anos |
| ZUMBA ADULTOS | 04/10/2022 | | X | | X | | | 17:00 - 18:00 | Ximnasio Neka | 20 | > 16 anos |

(*) Grupos M-T : Grupos mañá e tarde

- **Calendario lectivo:**

Considéranse días lectivos de cada unha das modalidades deportivas ofertadas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais para o curso 2022 - 2023, aqueles comprendidos entre o 1 de outubro de 2022 e o 31 de maio de 2023 excepto os seguintes:

Casitas da Compañía, s/n – 27400 Monforte de Lemos (Lugo) 982 875 430 982 404 812 661 829 509 www.monfortedelemos.es https://sede.monfortedelemos.es deportes@concellodemonforte.com

Casitas da Compañía, s/n – 27400 Monforte de Lemos (Lugo) 982 875 430 982 404 812 661 829 509 www.monfortedelemos.es https://sede.monfortedelemos.es deportes@concellodemonforte.com

| FESTIVIDADE | DATA | Día semana |
|---|---|---|
| Día da Festa Nacional de España | 12 de outubro de 2022 | Mércores |
| Día de todos Os Santos | 1 de novembro de 2022 | Martes |
| Día da Constitución Española | 6 de decembro de 2022 | Martes |
| Día da Inmaculada Concepción | 8 de decembro de 2022 | Xoves |
| Vacacións de Nadal | 23 de decembro de 2022 ao 6 de xaneiro de 2023 | |
| Entroido | 20, 21 e 22 de febreiro de 2023 | |
| San José | 20 de marzo de 2023 | Lunes |
| Vacacións de Semana Santa | 3 ao 10 de abril de 2023 | |
| Martes de Pascua | 11 de abril de 2023 (festa local) | Martes |
| Día das Letras Galegas | 17 de maio de 2023 | Mércores |

## 3. CUSTE DA ACTIVIDADE

A taxa por escola e curso é de 92,70 €. Os alumnos/as que pertenzan a familia numerosa terán unha bonificación do 50 %. No momento da matrícula deberá xustificarse a pertenza a familia numerosa mediante a achega do copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

O cobro da taxa pola prestación do servizo realizarase do seguinte xeito: o 50 % da contía total do curso liquidarase ao inicio da actividade, e o 50 % restante no mes de marzo do correspondente curso. No momento da matrícula indicarase o número de conta no que o Concello de Monforte efectuará o cobro pola prestación do servizo.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo a actividade non se prestara, procederase á devolución do importe correspondente.

Cando a causa de non asistencia ao curso sexa imputable ao suxeito pasivo, non se procederá a prorrateo da cota tributaria, procedendo ao cobro total do curso.

## 4. SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Todas as persoas interesadas en inscribirse nalgunha das modalidades deportivas propostas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais deberán presentar, a través do Rexistro Xeral do Concello de Monforte, de xeito presencial ou a través da sede electrónica, o modelo de solicitude cuberto con todos os datos que se requiren. En Caso de persoas menores de idade a solicitude virá asinada polo pai, nai ou titor/a legal.

O prazo de presentación de solicitude permanecerá aberto entre o 7 e o 23 de setembro de 2022. Entre o 26 e o 30 de setembro publicarase na páxina web do Concello de Monforte a lista de admitidos/as nas activiades.

A lista de admitidos/as confeccionarase por rigorosa orde de presentación das solicitudes. Se unha vez finalizado o prazo de inscrición dase o caso de que quedan prazas vacantes, poderanse seguir presentando solicitudes ata esgotar as prazas ofertadas.

Para a prestación do servizo de cada unha das modalidades deportivas será necesario que a porcentaxe de inscritos na actividade acade, como mínimo, o 25% das prazas ofertadas.

## 5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Modelo de solicitude normalizado
- Fotocopia do DNI do solicitante
- No caso de que o solicitante sexa menor de idade fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a que figura como tal na solicitude.
- No caso de familia numerosa, copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.